


4. Datos dos perfís profissionais I

4.1. CONFIGURACIÓN OCUPACIONAL

A partir das ocupacións detectadas no estudo *Aproximación ó sector da xoiería en Galicia*, realizou-se un contraste destas nunha mostra de empresas do sector en Galicia, obténdose como resultado a seguinte distribución de ocupacións no ámbito galego.

Distribución das ocupacións nas empresas de xoiería. Galicia



Fonte: Elaboración propia

Confírmase a través das entrevistas realizadas que a ocupación con maior presenza nas empresas de produción xoieira en Galicia é o sacador de lume, cun 93,3% dos casos; hai que destacar que non se

encontra recollida en todas as tipoloxías da empresa analizadas, xa que na xoiaría automatizada non necesita dispoñer de operarios que desenvolvan os labores propios do sacador de lume. A seguinte ocupación con maior presenza nas empresas galegas é a de pulidor, cun 40%, seguida dos fundidores (pola xeneralización da microfusión) e dos engastadores, cun 33,3% de representatividade cada unha delas.

Os verificadores, elaboradores e acabadores, cun 26,7% de presenza, ocupan o seguinte nivel de representación nos talleres de xoiaría galegos; hai que destacar que, en moitas empresas, estas funcións son desenvolvidas por sacadores de lume; desta forma, a presenza de operarios específicos para desenvolver estas tarefas é menor.

Por último, deseñadores e decoradores (cun 20% cada un deles), lapidarios e alistadores (cun 6,7% cada un deles) ocupan os últimos lugares de representatividade no tecido empresarial galego. No caso dos deseñadores, o número de empresas que contan con persoal específico para realizar estes labores segue sendo reducido, xa que o deseño en moitas empresas aínda é asumido polos sacadores de lume. Un caso semellante prodúcese tanto cos decoradores como cos alistadores, pois a realización destas tarefas por parte dos sacadores de lume orixina que non se necesiten operarios especialistas para estas ocupacións.

Como xa se comentou con anterioridade, as empresas galegas non contan con lapidarios (só nun dos casos) debido a que se aprovisionan de pedras e xemas xa talladas.

No apartado de outros, recolléronse, por un lado, ocupacións características das novas tipoloxías de xoiaría analizadas e, por outro, novas ocupacións que non foran descritas no anterior estudo (no caso do gravador e do esmaltador, ao estaren incluídas, en parte, na ocupación de decorador); desta forma, as novas ocupacións detectadas son:

- Ourive (ourivería non automatizada)
- Acibecheiro (ourivería non automatizada)
- Matriceiro (xoiaría automatizada)
- Gravador (todas as tipoloxías de xoiaría)
- Esmaltador (todas as tipoloxías de xoiaría)

Hai que destacar que, malia estar descrita na *Aproximación ao sector da xoiaría en Galicia*, nas enquisas realizadas non se fai mención á existencia de especialistas na talla en cera no tecido empresarial galego, isto é debido a que é unha ocupación emerxente que na actualidade realiza o sacador de lume.

Por último, realizouse a análise da ocupación de compostureiro, propia dos comercios de xoiería e que non se encontra recollida no cadro da “Distribución das ocupacións nas empresas de xoiería” ao non tratarse dunha ocupación propia dos talleres de produción.

4.2 DESCRICIÓN DAS OCUPACIÓNS E POSTOS DE TRABAJO PRINCIPAIS

A información obtida a partir do estudo *Aproximación ó sector da xoiería en Galicia* permite obter unha descrición das ocupacións do sector da xoiería a nivel galego; para realizar este estudo tomouse como base para a caracterización das ocupacións nas distintas tipoloxías de xoiería analizadas.

Neste apartado tívose en conta a representatividade das ocupacións no tecido empresarial galego, polo que se realizou unha análise en profundidade daquelas ocupacións con maior presenza nos talleres de xoiería, isto é: sacadores de lume, pulidores, engastadores e fundidores. Para o resto das ocupacións realizouse unha actualización dos datos obtidos no estudo *Aproximación ó sector da xoiería en Galicia*.

4.2.1 SACADOR DE LUME

Definición

O sacador de lume, tamén denominado xoieiro ou artífice xoieiro, é aquel que realiza xoias (pezas de ouro, prata ou platino, con perlas ou pedras preciosas, ou sen elas) en todo o seu proceso, desde o seu deseño ata a súa última definición (pulido). Nas grandes empresas, o sacador de lume, tamén chamado modelista, é o encargado de elaborar o primeiro prototipo da peza; noutras palabras, é a persoa que se encarga de interpretar o deseño.

Contraste da definición. Galicia

O 80% dos operarios enquisados estaba de acordo coa definición ofrecida para sacador de lume, o 20% restante expresaba a súa desconformidade sobre a definición formulada, indicando que as tarefas de deseño e pulido non son labores propias desta ocupación. Isto é debido a que algúns dos operarios considerados como sacadores de lume deberían ser recualificados como elaboradores de xoias ou incluso acabadores de xoias, xa que son persoas que non teñen as capacidades nin coñecementos necesarios para desenvolver ao completo todo o proceso de elaboración dunha peza de xoiería.

Sistema organizativo

O sacador de lume, ao ser o artífice que diseña e realiza a peza, participa en todas as fases do proceso de produción da actividade de xoiería.



Fonte: *Análise das estruturas ocupacionais da actividade de xoiería*. INEM

Contraste do sistema organizativo. Galicia

Nas enquisas realizadas, o 56% dos operarios móstrase de acordo co sistema organizativo proposto, mentres que o 44% presenta algún tipo de modificación, xeralmente pola “inconsciencia” do operario ao considerarse como sacador de lume operarios que non reúnen toda a formación e capacidades necesarias para selo. En concreto, os operarios que manifestaron a súa desconformidade indicaban que os labores de deseño, engaste e lapidación non son propios da ocupación.

Perfil ocupacional

Esta ocupación implica o exercicio de diversas funcións (diseñar, fundir, montar, pulir, engarzar, etc.), englobadas nunha única responsabilidade: elaborar a xoia, o que implica desenvolver, con acentuada perfección, cada unha das fases do proceso de produción de xoias.

Maquinaria, ferramentas e útiles


Para o correcto desenvolvemento da ocupación utilízanse as seguintes máquinas e ferramentas:

- Abrasivos de distinto gran
- Amasadora
- Balanzas de precisión
- Bisturí
- Bomba de baleiro
- Bombos de desbaste
- Bombos de pulido
- Brocas
- Burís
- Calculadora
- Calibres
- Cámara dixital
- Centrifugadora
- Cepillos
- Chaponeiras
- Cilindros
- Cizalla
- Cores (ceras, acuarelas, tintas, etc.)
- Compás
- Cremas
- Crisol
- Coitelas
- Dados de embutir
- Disien
- Espátulas
- Feltros
- Vertedoiro
- Fresas
- Fundentes
- Gafas
- Fías
- Fieiras
- Forno
- Inxectora de ceras
- Xogo de alicates
- Xogo de limas
- Laminador
- Lapis
- Lastras
- Licuadora
- Lixas
- Limatóns
- Lingoteiras
- Lupas manuais
- Máquina de pulido electrolítico
- Máquina de rodio
- Microscopio
- Motor de man
- Ordenador
- Papel
- Pastas
- Pinzas
- Pulidoras
- Queimador de ceras
- Raileiras
- Rieceiras
- Secadoras
- Segueta
- Serras
- Soprete
- Tases
- Tenaces
- Tesoiras
- Torno
- Útiles de xemoloxía
- Varias pastas de pulido de distinto gran
- Vulcanizadora

Ámbito de desenvolvemento

En Galicia, a ocupación de sacador de lume desenvólvese nos procesos de xoiería semiautomatizada, xoiería non automatizada e ourivería semiautomatizada. No resto das tipoloxías de xoiería analizadas non se desenvolvía a ocupación.

Presenza da ocupación por tipoloxía de xoiería. Galicia



Fonte: Elaboración propia


Situación da ocupación en Galicia e tendencias

O sacador de lume en Galicia non adoita realizar a subactividade de engaste, xa que conta con persoal especializado nesta actividade dentro da propia empresa ou acode a empresas de engaste. De igual forma, a tendencia para os próximos anos indica a desaparición da tarefa de deseño, motivada pola incorporación de novas tecnoloxías a esta fase (equipos informáticos e programas de deseño en 3D), así como pola aparición de deseñadores específicos para o sector, como xa está ocorrendo noutras zonas de España (Cataluña) e do mundo (Italia).

Por último, a realización das subactividades de gravado e lapidación non son feitas polo sacador de lume; no primeiro caso pola existencia de gravadores nas empresas ou a subcontratación desta subfase a outras empresas, e no segundo caso, pola pouca tradición que ten a lapidación en Galicia, agás no caso da ourivería-acibeche, onde se realiza o traballo das pedras.

Os datos obtidos mostran que esta ocupación se encontra nun período de crise, ao igual que o sector, o que provoca un estancamento na demanda de novos sacadores de lume. Así mesmo, se se produce a especialización dentro dos talleres e se incorporan novas tecnoloxías e maquinaria a ocupación, vaise ver afectada de forma negativa.


Análise da formación IDEAL. Galicia. (Resposta múltiple)



Fonte: Elaboración propia

As enquisas realizadas indican que a formación ideal para o correcto desenvolvemento da ocupación é a FP de xoiería (66,7%), seguida da realización de prácticas en talleres, cun (41,7%).


Aptitudes físicas



Fonte: Elaboración propia

O sacador de lume debe realizar a peza de xoiería, dominando tanto procesos mecánicos como manuais; por este motivo, a destreza manual (4,9) e a agudeza visual (4,7) son as aptitudes físicas necesarias para desenvolver correctamente a ocupación. En cambio, a forza física (2,1) e a agudeza olfactiva (1,4) non se consideran estritamente necesarias.

Actitudes/Capacidades



Fonte: Elaboración propia

As enquisas realizadas indican que, para o correcto desenvolvemento da ocupación e debido a que o sacador de lume necesita dominar todas as fases do proceso produtivo, é fundamental que o operario desenvolva actitudes e capacidades; desta forma a iniciativa, creatividade, interpretación, innovación e organización reciben puntuacións por riba do 4 para esta ocupación.

4.2.2 PULIDOR

Definición

O pulidor encárgase de repasar a peza e darlle o brillo requirido.

Contraste da definición. Galicia

A totalidade dos pulidores enquisados mostrábanse de acordo coa definición formulada.



Fonte: Elaboración propia

O pulidor pode desenvolver a súa tarefa en varias fases do proceso produtivo, antes da fase de engaste para obter o primeiro brillo da peza, e antes do acabado para dotar a xoia do seu brillo definitivo.

Contraste do sistema organizativo. Galicia

A totalidade dos pulidores enquisados mostrábanse de acordo coa estrutura formulada

Perfil da ocupación

As funcións que realiza son:

- Pulido da peza manual ou mecánico (bombos de pulido)

Maquinaria, ferramentas e útiles

Para desenvolver esta ocupación, o operario debe utilizar:

PULIDO MANUAL

- Abrasivos de distinto gran
- Cepillos
- Cremas
- Feltros
- Motor de pulido
- Pastas
- Tornos e diferentes vasoiras
- Fías de algodón

PULIDO MECÁNICO

- Bombos de pulido
- Máquina de pulido electrolítico

Ámbito de desenvolvemento

A ocupación de pulidor ten cabida en todas as tipoloxías de xoiaría analizadas, salvo na ourivería non automatizada.


Situación da ocupación en Galicia e tendencias

A ocupación de pulidor é a que maior introdución experimentou nos últimos anos no tecido empresarial galego e, tanto grandes empresas como talleres de tipo medio, en calquera das tipoloxías de xoiaría (agás ourivería non automatizada), teñen contratadas persoas especializadas no pulido.

Ademais, esta é unha das primeiras tarefas que se lles ensina aos aprendices cando ingresan nos talleres de xoiería, debido á sinxeleza que implica o desenvolvemento da ocupación.

A tendencia nos próximos anos é o incremento na necesidade de operarios especializados neste proceso, relacionándose esta ocupación coa de acabador de xoiería, ao desenvolver procesos semellantes.


Análise da formación IDEAL. Galicia



Fonte: Elaboración propia

As enquisas realizadas dan como resultado que, para o correcto desenvolvemento da ocupación de pulidor, a formación ideal sería a FP (66,7%) combinada coas prácticas en talleres. Como xa se indicou, o labor desenvolvido polos operarios desta ocupación require menores necesidades de formación ca outras ocupacións descritas con anterioridade, debido ao carácter mecánico do proceso e á súa sinxeleza.


Aptitudes físicas



Fonte: Elaboración propia

Na ocupación de pulidor, o equilibrio e reflexos é a aptitude física máis valorada nas enquisas realizadas. As causas que explican a reducida valoración de aptitudes como a destreza manual ou a agudeza visual están, por un lado, na “baixa” consideración que ten esta fase no proceso xeral de produción dunha peza de xoiería (nesta fase a penas se engade valor á peza); por outro, na utilización de maquinaria nesta fase do proceso (salvo no pulido manual, aínda que este tipo de pulido está en retroceso).

Actitudes/Capacidades



Fonte: Elaboración propia

A interpretación e a innovación (4 cada unha delas) son as actitudes e capacidades máis valoradas polos pulidores para o desempeño dos seus labores. No primeiro caso, o pulido non require realizarlle ningún tipo de modificación á peza, co que a interpretación do deseño é básica para o correcto desempeño da tarefa. No segundo caso, a progresiva introdución de novas máquinas no proceso fai que a capacidade innovadora estea ben valorada.

4.2.3 ENGASTADOR

Definición

O engastador é o técnico que coloca as pedras preciosas, debidamente suxeitas nas xoias, de tal forma que se realcen, para así revalorizar a xoia en conxunto.

Contraste da definición. Galicia

O 100% dos engastadores enquisados estaba conforme coa definición ofrecida.

Sistema organizativo



Fonte: *Análise das estruturas ocupacionais da actividade de xoiería*. INEM

Contraste do sistema organizativo. Galicia

A totalidade dos engastadores enquisados mostraban a súa conformidade ante o sistema organizativo presentado.

O engastador é unha ocupación que pode desenvolverse como parte dun proceso de produción de xoias (caso da xoiaría semiautomatizada ou artesanal), ou como un proceso en si mesmo (caso da xoiaría de engaste).

No primeiro dos casos poden ocorrer dúas situacións: que sexa unha fase intermedia entre esmaltado e o pulido, ou que sexa unha fase posterior ao pulido. Unha ou outra dependerán do tipo de xoia e do grao de automatización da empresa que a produce. No segundo caso, ao ser un proceso en si mesmo, non dispón de fases anteriores nin posteriores.

Perfil da ocupación

O engastador responsabilízase do bo axuste e engarzado da peza e das pedras, do perfecto corte do material sobrante e do repaso e limpeza da peza resultante.

Maquinaria, ferramentas e útiles

A ocupación de engastador require o dominio das seguintes máquinas e ferramentas:

- Balanza electrónica de precisión
- Bóla de agarre
- Burís varios, utilízanse entre 10 e 12 formatos diferentes
- Calibrador
- Cera
- Disco de afiar o buril
- Fresas
- Fustes
- Goma
- Lixas
- Limatóns

- Lupas
- Martelo automático
- Mesa de engastador dotada de torno eléctrico
- Pinzas
- Trade
- Cribo

Ámbito de desenvolvemento


Esta ocupación desenvólvese en todas as tipoloxías de xoiería analizadas.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

A ocupación de engastador en Galicia axústase ao exposto con anterioridade. O número de engastadores existentes en Galicia é moi reducido se se compara co volume de traballo existente, co que se está empezando a subcontratar o engaste a empresas de fóra da comunidade (Madrid e Cataluña principalmente) ante a falta de persoal cualificado.

A tendencia desta ocupación indica un incremento considerable na demanda de engastadores, tendencia que vai ser complicada de cubrir debido á falta de escolas e programas formativos de calidade en Galicia, o que pode orixinar a medio prazo a desaparición da ocupación en Galicia pola derivación da oferta fóra da comunidade.


Análise da formación IDEAL



Fonte: Elaboración propia

Na actualidade, ante a falta de escolas e centros de formación nos que se imparte esta ocupación da xoiería, a formación ideal sería a combinación da formación formal (estudos primarios ou FP) coa formación interna nos talleres. Hai que destacar que, tradicionalmente esta ocupación veuse ensinando nos talleres mediante a transmisión de coñecementos de pais a fillos ou a familiares directos; esta situación orixinou un elevado índice de “secretismo” na aprendizaxe das distintas técnicas e procesos do engaste, favorecendo a escaseza tanto de operarios como de formadores cualificados de engaste nas escolas e centros de formación en Galicia.

Aptitudes físicas




Fonte: Elaboración propia

Na actualidade, a aparición de máquinas de engaste e a chegada de procesos de produción das pezas de xoiería co engaste das pedras e xemas xa realizado orixina a contratación dos talleres de engaste para lograr acabados e calidades non ofrecidos polas máquinas e técnicas descritas.

Ante esta situación e como elemento de diferenciación, os talleres de engaste realizan os seus procesos de forma totalmente manual, co cal tanto a destreza manual como a agudeza visual (5 cada unha delas) son as aptitudes físicas máis valoradas para desenvolver de forma correcta a ocupación. O resto das aptitudes físicas enquisadas non reciben valores tan elevados.

Actitudes/Capacidades



Fonte: Elaboración propia

As enquisas realizadas indican que, para a correcta realización dos labores propios da ocupación de engaste, se deben desenvolver as actitudes e capacidades de iniciativa, creatividade, interpretación, innovación e organización, recibindo todas elas valores por riba do 4. Esta elevada puntuación indica a consideración por parte das empresas de xoiaría, a esta parte do proceso, como unha das fases que maior valor engadido pode incorporar á xoia.

4.2.4 FUNDIDORES


Definición

O fundidor encárgase de realizar o fundido dos materiais, coñecendo e especializándose nas diferentes técnicas de fundido (exemplo microfusión).

Contraste da definición. Galicia

A totalidade dos fundidores enquisados mostrábanse de acordo coa definición formulada.

Sistemas organizativos



Fonte: Elaboración propia

O fundidor desenvolve a súa función entre o deseño e a elaboración da peza. A partir do deseño da xoia, selecciona os materiais que van conformar a peza e aplica a técnica de fundición adecuada ao formato da peza requirida.

Contraste do sistema organizativo. Galicia

A totalidade dos fundidores enquisados mostrábanse de acordo co sistema organizativo formulado.

Perfil da ocupación

As funcións que realiza son:

- Preparar o caucho
- Facer o molde
- Preparar a árbore de fundido
- Fundir as pezas

Maquinaria, ferramentas e útiles

As principais ferramentas e máquinas utilizadas nesta ocupación recóllense a continuación:

- Amasadora
- Bisturí
- Bomba de baleiro
- Centrifugadora
- Coitelas
- Vertedoiro
- Forno
- Inxectora de ceras
- Licuadora
- Queimador de ceras
- Secadoras
- Vulcanizadora


Ámbito de desenvolvemento

A ocupación de fundidor ten cabida naquelas subactividades con maior utilización de maquinaria, como son a xoiería semiautomatizada e a automatizada, así como na ourivería semiautomatizada.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

Na actualidade, a ocupación de fundidor é unha das máis demandadas nas empresas que traballan con procesos semiautomatizados e automatizados. Isto é debido á xeneralización dos procesos de microfusión nestas empresas, o que favorece a demanda de operarios especialistas no fundido dos materiais. Ademais, coa aparición de novas técnicas de fundido (microfusión con engaste de pedras) esta é unha das ocupacións que mellor futuro ten no sector.


Análise da formación IDEAL



Fonte: Elaboración propia

A totalidade das enquisas realizadas sinalaban que a mellor vía para alcanzar a formación ideal para o desenvolvemento desta ocupación é a FP de xoiería, combinada coa formación interna nos talleres ou en centros tecnolóxicos. Como xa se comentou, o sector da xoiería, e en particular as subactividades de xoiería semiautomatizada e non automatizada, preparouse a partir da formación interna nos talleres, co que a confianza neste sistema é superior a calquera outro, aínda que, como se verá na análise da innovación, este sistema móstrase totalmente ineficaz para a formación de operarios nas novas técnicas, procesos e máquinas que se van incorporar ao sector nos próximos anos.

Aptitudes físicas



Fonte: Elaboración propia

Para o desenvolvemento desta ocupación, as enquisas realizadas indican que é necesario dispoñer de destreza manual e agudeza visual (5 cada unha delas), seguido do equilibrio e reflexos e a forza física (3 cada un deles).

4.2.5 COMPOSTUREIRO


Definición

O compostureiro é a persoa que, dentro do comercio polo miúdo de xoiería, se dedica á restauración, adaptación ou personalización das pezas de xoiería ás demandas e necesidades dos clientes.

Contraste da definición. Galicia

O 91% dos compostureiros enquisados mostrábanse de acordo coa definición ofrecida, e unicamente o 9% manifestaba a súa desconformidade indicando que nos seus comercios, ademais de composta, se realizaba obra nova.

Sistemas organizativos




Fonte: Elaboración propia

O compostureiro desenvolve dentro da súa ocupación os labores de: soldadura, gravado, aumento e achique, restauración, reposición de pedras, embelecemento, etc.

Na actualidade, o desenvolvemento de todas as funcións propias do compostureiro vén dada polo tamaño do comercio; así, nos grandes comercios (de máis de 300.000 € de facturación), as fases de orzamento (asesoramento) e empaquetado realízaas o persoal de mostrador, mentres que o operario é o que realiza as fases de compostura e verificación. Polo contrario, se o tamaño do comercio é pequeno, o compostureiro adoita realizar todas as fases do proceso.

Distribución da ocupación en función á facturación do comercio. Galicia



Fonte: Elaboración propia

Como se pode observar na gráfica anterior, a maior porcentaxe de compostureiros encóntrase nos comercios con niveis de facturación superiores aos 600.000 €, aínda que hai que destacar o elevado índice de NS/NC que se obtivo na realización desta enquisa polo elevado “medo” que existe no sector á comunicación de datos de facturación.

Contraste do sistema organizativo. Galicia

O 91% dos compostureiros enquisados mostrábanse de acordo coa definición ofrecida, e unicamente o 9% manifestaba a súa desconformidade indicando nalgúns casos que se realiza unha verificación do orzamento, aínda que non é habitual nos comercios galegos.

Perfil da ocupación

Esta ocupación implica a realización de distintas tarefas:

- Recepción das pezas
- Orzamento e valoración
- Clasificación
- Asignación de tarefas
- Realización do traballo sobre a peza
- Verificación
- Valoración
- Empaquetado

Maquinaria, ferramentas e útiles

As principais ferramentas e máquinas utilizadas nesta ocupación recóllense a continuación:

- Alicates
- Embutidores
- Gravadora
- Forno
- Laminadores
- Ligas fundentes
- Ligas selectivas
- Lixas
- Limas
- Pinzas
- Pulidora
- Segueta
- Serra
- Soprete
- Trade
- Tornos manuais
- Zafra

Ámbito de desenvolvemento

A ocupación de compostureiro realízase en exclusiva para os comercios de xoiería.


Situación da ocupación en Galicia e tendencias

O desenvolvemento desta ocupación en Galicia depende da tipoloxía de comercio; desta forma:

- Pequeno comercio: A ocupación é desenvolvida polo dono ou xerente da tenda, normalmente para pequenos arranxos e composturas.
- Tenda de tamaño grande: Normalmente esta ocupación é realizada por persoal contratado pola tenda para o seu taller, por razóns de servizo inmediato, fidelización do cliente, prestixio, etc. Os traballos realizados adoitan ter unha maior complexidade que no caso anterior.
- Taller de compostura: En Galicia, parte do comercio non conta con taller propio, polo que subcontrata os encargos da tenda a talleres específicos de compostura (non contan con coleccións propias e ocasionalmente producen pezas novas, normalmente por encargo).

Na actualidade, o compostureiro é unha das ocupacións con maior demanda nos comercios de xoiería, aínda que hai que destacar que moitos deles prefiren subcontratar estas tarefas a talleres independentes de compostura, debido a risco dos arranxos, pola dificultade para encontrar persoal cualificado, etc.


Análise da formación IDEAL



Fonte: Elaboración propia

As enquisas realizadas mostran a dispersión existente en Galicia en canto á formación recibida polos compostureiros. Hai que indicar que, motivado pola falta tanto dun centro de formación específico como dun plan de estudos aceptado polo sector, a formación ideal segundo as entrevistas realizadas sería a formación interna no propio comercio, xa que esta foi a vía tradicional de aprendizaxe da ocupación no tecido comercial galego. Este feito provoca a “inconsciencia” dos comerciantes galegos de vías alternativas de formación, debido á inexistencia actual destas.


Aptitudes físicas



Fonte: Elaboración propia

O traballo que realiza un compostureiro é principalmente manual, e destaca na actualidade pola reducida utilización de máquinas no proceso; desta forma, a destreza manual (5), seguida da agudeza visual (4,8), son as aptitudes físicas máis valoradas para desenvolver correctamente a ocupación. Así mesmo, o equilibrio e reflexos (4,5) destacan como unha aptitude física necesaria; pola contra, a agudeza olfactiva (3,2) e a forza física (3,1) non se consideran necesarias para realizar as tarefas propias dun compostureiro.

Actitudes/Capacidades



Fonte: Elaboración propia

Nas enquisas realizadas, a totalidade das actitudes e capacidades propostas recibiron valores superiores ao 4 para a correcta realización da ocupación, destacando a creatividade (4,8) e a interpretación (4,7); no primeiro caso, debido a que unha das fases máis importantes no proceso de composición é o asesoramento, no que esta capacidade se configura como básica; no segundo caso, se o traballo a realizar non implica creatividade, a interpretación é a capacidade máis importante para realizar o traballo de acordo cos desexos e necesidades dos clientes.

Como xa se comentou na introdución deste capítulo, a análise das ocupacións que se desenvolve a continuación non é tan completa como a realizada con anterioridade, motivado pola baixa representatividade que teñen as seguintes ocupacións no tecido empresarial galego.


4.2.6 ALISTADOR DE XOIAS

Definición

O alistador ocúpase de poñer a punto os elementos e materiais que van conformar a peza de xoiería.

Sistema organizativo

A fase de preparación transcorre entre o deseño, matricería da xoia e a súa propia elaboración. Nesta fase fúndense os metais, afínanse, inxéctanse os moldes para, desta maneira, deixar todo listo para a elaboración propiamente dita.



Fonte: *Análise das estruturas ocupacionais da actividade de xoiaría*. INEM

Perfil da ocupación

As funcións que realiza son:

- Preparar o molde e inxectar a cera ou metal nel
- Preparar a mestura para a fusión
- Fundir e laminar
- Cargar a máquina con bobinas de fío para o inicio do proceso de elaboración automática das pezas de xoiaría
- Afinar os metais para conseguir a súa máxima pureza

Maquinaria, ferramentas e útiles

Para o correcto desenvolvemento desta ocupación, utilízase:

- Amasadora
- Balanzas de precisión
- Báscula
- Bisturí
- Bomba de baleiro
- Calculadora
- Calibres
- Chaponeiras
- Crisol
- Coitelas
- Dissier
- Fundentes
- Gafas
- Fieiras
- Formo eléctrico
- Inxector de ceras
- Laminador
- Lingoteiras
- Lupas manuais
- Microscopio
- Pinzas
- Queimador de ceras
- Raileiras
- Soprete
- TASS de canais
- Útiles de xemoloxía
- Vulcanizadora

Ámbito de desenvolvemento

A ocupación de alistador desenvólvese nos procesos de elaboración de xoias de forma semiautomatizada e automatizada.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

Os datos obtidos mostran que a ocupación do alistador de xoias, practicamente, non existe como tal no tecido empresarial galego, xa que este labor se entende como parte das funcións dos sacadores de lume. Na actualidade, unicamente grandes empresas de xoiaría en proceso semiautomatizado e automatizado teñen operarios que realizan esta ocupación.


A especialización do proceso de produción, así como a introdución da microfusión, están orixinando un cambio na ocupación do alistador cara á de fundidor como ocupación emerxente no sector. Na *Análise das estruturas ocupacionais da actividade de xoiería*, do INEM, xa se intuía esta tendencia, pois prevíase un estancamento da ocupación pola incorporación de novas tecnoloxías.

4.2.7 ELABORADOR DE XOIAS

Definición

O elaborador ocúpase de realizar a xoia mediante a montaxe de todos os seus elementos, a soldadura deles ou o prensado das pezas.

Sistema organizativo



Fonte: *Análise das estruturas ocupacionais da actividade de xoiería*. INEM

A fase de elaboración ten lugar despois da fase de preparación (inxección de moldes e fundido). Unha vez que a peza foi elaborada, pode ir ás seguintes fases: Acabado e decoración.

Perfil da ocupación

O elaborador pode exercer as seguintes funcións e tarefas:

- Montaxe dos elementos da peza
- Soldadura dos elementos, cicelado e aplanado
- Prensado de moldes e extracción da peza
- Martelado e limado, mediante torno da peza

Maquinaria, ferramentas e útiles

Para o desenvolvemento desta ocupación débese utilizar a seguinte maquinaria y e útiles:

- | | |
|----------------------|----------------|
| • Alicates | • Motor de man |
| • Bombos de desbaste | • Pinzas |
| • Cera de modelar | • Plastilina |
| • Cizalla | • Seguetas |
| • Fresas | • Soprete |
| • Lastras | • Trade |
| • Lixas | • TASS |
| • Limas | • Tenaces |
| • Martelo | • Torno |

Ámbito de desenvolvemento

A ocupación de elaborador ten cabida nas subactividades de xoiaría semiautomatizada, automatizada e ourivería semiautomatizada.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

A ocupación do elaborador de xoias é asumida na súa totalidade polo sacador de lume, co que as empresas de xoiaría non contan con persoal destinado a este labor, salvo nas empresas de gran tamaño.

A tendencia nos próximos anos indica un incremento na demanda de elaboradores de xoias, motivado principalmente pola especialización do proceso de produción, así como pola introdución de novas tecnoloxías. Esta situación xa se está producindo de forma “inconsciente” nalgunhas das empresas enquisadas (talleres de mediano e gran tamaño), dado que algúns dos sacadores de lume se están especializando na parte produtiva do proceso, abandonando os labores de deseño e elaboración de prototipos, así como as fases de rexistro e arquivo das pezas (máis propias do persoal de administración).


4.2.8 DECORADOR DE XOIAS

Definición

O decorador de xoias ocúpase de adornar as pezas de xoiaría, esmaltándoas, estampándoas ou gravándoas.

Sistema organizativo

Nalgunhas das subactividades de xoiaría procédese a realizar unha fase de decoración, que sucede posteriormente á elaboración da peza. Unha vez concluída esta fase, a peza de xoiaría está en disposición de ir ao acabado ou engaste.



Fonte: *Análise das estruturas ocupacionais da actividade de xoiaría*. INEM

Perfil da ocupación

As funcións que desenvolve son:

- Preparado da lámina de metal precioso e a prensa de estampado
- Estampado da lámina
- Debuxo do motivo que se quere gravar na peza
- Gravado do motivo
- Elaboración da mestura para conseguir o esmalte
- Esmaltado da peza

Maquinaria, ferramentas e útiles

Para o correcto desenvolvemento desta ocupación úsase:

GRAVADOS

- Burís de gravado
- Fustes
- Plantógrafos de gravado

ESMALTADOS

- Esmaltes
- Forno
- Pinceis
- Siliconas

Ámbito de desenvolvemento

O decorador de xoias, realiza as súas funcións e tarefas en todas as tipoloxías de xoiaría analizadas.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

A ocupación do decorador a penas está representada nas empresas de xoiaría alta, media e comercial, sendo máis común nas empresas de ourivería. Hai que destacar que as empresas de xoiaría que non contan no seu cadro de traballadores con decoradores, ben porque non é rendible por volume de traballo ou porque contan con máquinas para realizar este proceso, adoitan subcontratar este traballo a talleres especializados de esmaltado ou gravado cando se quere dotar a peza dun acabado mellor que o proporcionado polas máquinas.

Esta ocupación encóntrase moi influenciada polas tendencias e modas en xoiaría. Na actualidade os datos obtidos mostran unha inclinación cara ás pezas esmaltadas, co que esta ocupación pode ter certo auxe nos próximos anos. Esta dependencia da moda xa se indicaba na *Análise das estruturas ocupacionais da actividade de xoiaría* desenvolvido polo INEM.

4.2.9 ACABADOR DE XOIAS

Definición

O acabador de xoias ocúpase de dar o toque final á peza para a súa perfecta terminación.

Sistema organizativo



Fonte: *Análise das estruturas ocupacionais da actividade de xoiaría*. INEM

Practicamente en todas as subactividades de xoiaría se produce a fase de acabado ou remate da peza. A esta fase pódese chegar por varias vías:

- Directamente desde a fase de elaboración, ou desde a fase de engaste, gravado, lapidación ou decoración.
- Unha vez conseguido o acabado, o produto está en condicións de ser embalado ou, se é o caso, de ir a engaste.

Perfil da ocupación

As funcións que desenvolve un acabador de xoias son:

- Corte da peza unha vez obtida (por exemplo, as cadeas de ouro e prata)
- Desbaste, pulido e abrillantado da peza
- Baño da peza e secado

Maquinaria, ferramentas e útiles

Os útiles necesarios para o desenvolvemento da ocupación son:

- | | |
|--------------------|-------------------------|
| • Ácidos | • Cepillos |
| • Auga destilada | • Equipo electrolítico |
| • Amoníaco | • Fías |
| • Aspiradoras | • Limpeza por ultrasóns |
| • Baños | • Máquina de rodio |
| • Bombos de pulido | • Mesas de pulido |

Ámbito de desenvolvemento

Na actualidade, a ocupación do acabador de xoias é asumida na súa totalidade polo sacador de lume, co que as empresas de xoiaría non contan con persoal destinado a este labor, salvo nas empresas de gran tamaño.

A tendencia nos próximos anos indica un incremento na demanda de acabadores de xoias, motivado principalmente pola especialización do proceso de produción, así como pola introdución de novas tecnoloxías. Igual que ocorre coa ocupación dos elaboradores de xoias, de forma “inconsciente” nalgunhas das empresas enquisadas (talleres de mediano e gran tamaño), algún dos sacadores de lume estanse especializando na ocupación de acabador.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

Igual que ocorre coas ocupacións do alistador e o elaborador, as funcións propias deste labor adoitán realizalas os sacadores de lume, xa que como se indicou con anterioridade en Galicia non existe una definición de tarefas tan extensa.

A existencia de nova maquinaria (bombos de pulido e desbaste), así como a especialización dos procesos, fan que xurdan novas ocupacións (pulidores) que veñen a desempeñar as funcións antes realizadas polos acabadores. As tendencias nos próximos anos céntranse na especialización da ocupación, empezando a aparecer empresas destinadas ao pulido das pezas.

4.2.10 VERIFICADOR

Descrición

O verificador ocúpase de controlar a calidade das pezas de xoiería, tanto despois de obtela como no transcurso do propio proceso.

Sistema organizativo

A fase de verificación ten lugar entre varias das fases do proceso de elaboración da xoia, normalmente antes do engaste e despois do acabado.

Perfil da ocupación

O verificador responsabilízase de supervisar as pezas de xoiería para comprobar se teñen algún defecto, e reasignar as xoias aos operarios para a corrección das imperfeccións, co obxectivo de lograr pezas coa suficiente calidade para a súa posterior comercialización.

Maquinaria, ferramentas e útiles

Os labores propios desta ocupación baséanse, principalmente, na vista, co que os útiles necesarios para desenvolver a ocupación son:

- Balanzas electrónicas
- Calibres
- Lupas
- Pinzas

Ámbito de desenvolvemento

Esta ocupación desenvólvese en todas as tipoloxías de xoiería analizadas.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

A tarefa de verificación das pezas é realizada de forma directa polo sacador de lume a medida que vai avanzando no proceso de creación da xoia, ou ben nas fases sinaladas no caso de que a peza pase por varios operarios.

Os datos recollidos mostran que esta ocupación ten un grao de desenvolvemento mínimo en Galicia, sobre todo nos talleres pequenos e medios, sinalándose a dificultade que existe para que un taller manteña a operario co único labor de verificar o acabado e elaboración da peza de xoiería.

Por último, cómpre indicar que nas grandes empresas (15-20 operarios) o desenvolvemento desta ocupación está xeneralizado, debido a que a especialización do proceso e o desenvolvemento de tarefas por parte de operarios diferentes obrigan a ter unha persoa encargada da verificación final das pezas de xoiería producidas.

A tendencia para esta ocupación é a continuidade coa situación actual, salvo que se produzan cambios na lexislación ou no mercado.

4.2.11 Lapidario

Definición

O lapidario encárgase de labrar ou tallar as pedras preciosas.

Sistemas organizativos



Fonte: *Análise das estruturas ocupacionais da actividade de xoiería*. INEM

A lapidación pode ser un proceso en si mesmo, ou ben unha fase do proceso de elaboración da xoia. En liñas xerais, o lapidador realiza o seu traballo nun taller dedicado en exclusiva a ese labor, ao que acoden os xoieiros para subcontratar os seus servizos.

Perfil da ocupación

A función primordial que ten o lapidario é a responsabilidade sobre a talla da pedra preciosa.

Maquinaria, ferramentas e útiles

Para desenvolver a ocupación de forma correcta necesítase traballar con:

- Balanza electrónica
- Brazo para lapidar
- Calibres
- Lupas
- Mesa especial para lapidar
- Pinzas
- Pugas para suxeitar pedras
- Cribos
- Tornos especiais con cabezas excéntricas

Ámbito de desenvolvemento

Como fase auxiliar do proceso xeral de xoiería, esta ocupación evoluciona dentro da subactividade de lapidación.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

A ocupación de lapidario en Galicia é un dos labores con menos tradición na comunidade, e unicamente existe entre os ourives coa talla do acibeche (acibecheiros). Os talleres de xoiería compran as pedras xa talladas a empresas de fóra da comunidade. Cabe resaltar o interese que no sector existe pola incorporación de empresas que realicen esta ocupación, pois sobre todo no retallado da pedra de color estase perdendo parte do valor engadido que xera a xoiería ao ter que enviar parte da produción fóra de Galicia.

A tendencia para esta ocupación é a continuidade coa situación actual, debido principalmente á falta de formadores cualificados nesta tarefa, xa que estes están nos Países Baixos, Israel, Rusia, A India, etc.

4.2.12 DISEÑADORES


Definición

O deseñador encárgase de realizar o deseño da peza de xoiaría, o bosquexo a escala da peza en conxunto e de todos os elementos que a conforman.

Esta ocupación é unha das máis demandadas polo tecido empresarial xoieiro, xa que se considera unha fonte de diferenciación importante para competir con garantías de éxito, como así ocorre noutras comunidades (Cataluña, Valencia, etc.) e países (Italia).

Sistemas organizativos

O deseñador realiza a súa función ao principio do proceso de elaboración da peza; parte dunha idea e desenvólvea en formato gráfico.



Fonte: Elaboración propia

Perfil da ocupación

As funcións que realiza son:

- Deseño da peza en papel ou axudado por novas tecnoloxías

Maquinaria, ferramentas e útiles

Nesta ocupación combínase a utilización de elementos tradicionais de deseño co uso das novas tecnoloxías; desta forma, para deseñar utilízase:

- Cartolina
- Cores (ceras, acuarelas, tintas, etc.)
- Lapis
- Ordenadores
- Papel
- Plantógrafo
- Plastilina
- Programas informáticos (Corel Draw, CAD, etc.)

Ámbito de desenvolvemento

A ocupación de deseñador ten cabida en todas as tipoloxías de xoiería analizadas.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

Na actualidade, esta ocupación é desenvolvida principalmente polo sacador de lume, aínda que está empezando a introducirse no sector, sobre todo en grandes empresas, a figura do deseñador de xoiería. Isto é debido, por un lado, á progresiva incorporación da informática nesta fase do proceso, o que obriga á contratación de operarios cunha formación superior á do sacador de lume no uso das novas tecnoloxías, e, por outro lado, debido ao incremento da competencia no sector, o deseño das pezas configúrase como unha das fases máis importantes de todo o proceso, favorecendo a diferenciación das xoias ante a falta de imaxe de marca e incorporando un maior valor ás pezas producidas.


A tendencia para esta ocupación é optimista, xa que nos próximos anos espérase a xeneralización do uso do deseño gráfico nos talleres, así como a intensificación do nivel de rivalidade nos mercados, tanto nacionais como internacionais, o que vai obrigar a introducir elementos diferenciadores nas pezas de xoiería, sendo un deles o deseño.

4.2.13 Talladores de cera

Definición

O tallador de cera desenvolve unha función auxiliar ao sacador de lume. O seu traballo céntrase na elección do formato de cera adecuado á peza a elaborar, e a talla do prototipo sobre esta.

Sistemas organizativos



Fonte: Elaboración propia

O tallador de ceras desenvolve a súa función en coordinación co sacador de lume. A partir do deseño da xoia, selecciona o tipo de cera óptimo e realiza o prototipo de forma manual ou mecánica. Para realizar o tallado mecánico utilízase o programa Rhinoceros, que é un modelador 3D mediante o emprego de NURBS; nos últimos anos foi adquirindo gran popularidade pola súa alta especialización para o deseño industrial (naval, automóbil, xoiería, mecánica, madeira...). En Galicia está dispoñible no CIS de Ferrol. Por último, hai que indicar que nalgúns empresas entrevistadas empézanse a incorporar sistemas análogos ao descrito, no que a talla de cera mecanizada se refire; en concreto, en empresas de ourivería semiautomatizada.

Perfil da ocupación

As funcións que realiza son:

- Seleccionar o formato de cera a utilizar
- Tallado da cera

Maquinaria, ferramentas e útiles

Os talladores de cera utilizan para realizar a súa ocupación as seguintes máquinas e útiles:

- Bisturí
- Coitelas
- Fresas
- Lixas
- Limas
- Motor de man
- Queimador de ceras
- Soprete

Ámbito de desenvolvemento

A ocupación de fundidor ten cabida naquelas subactividades con maior utilización de maquinaria, como son a xoiaría semiautomatizada e a automatizada, igual que na ourivería semiautomatizada.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

Como xa se indicou, non se encontraron operarios que realicen esta ocupación en Galicia. Isto é debido a que os labores propios do tallador de cera son asumidos, na actualidade, polos sacadores de lume, ante a imposibilidade de manter a operarios especializados unicamente esta fase do proceso.


Pola contra, o futuro desta ocupación é optimista debido á progresiva especialización de funcións, que xa se está empezando a observar nas empresas de maior tamaño, e á xeneralización da microfusión nun gran número de empresas, o que favorece o desenvolvemento da ocupación.

4.2.14 OURIVE

Definición

O ourive é aquel operario que realiza pezas de ourivería (xeralmente en prata) en todo o seu proceso, desde o seu deseño ata a súa última definición (pulido).

Sistemas organizativos



Fonte: Elaboración propia

Perfil da ocupación

As funcións que realiza o ourive son:

- Deseño
- Fundición ou aliaxe de materiais
- Laminado e fiado
- Elaboración das pezas
- Tallado de pedras
- Encaixe de pedras
- Engaste
- Acabado
- Verificación

Para desenvolver de forma correcta a ocupación, requírese unha formación teórico-práctica, en talleres (formación tradicional dos ourives galegos) ou a través de escolas (principalmente Mestre Mateo). Na actualidade, a ocupación desenvólvese en talleres de reducido tamaño (1-3 operarios), caracterizándose os operarios pola súa idade media avanzada, o que está orixinando un período de crise na ocupación ante a falta de recambio xeracional.

A produción das pezas, normalmente series pequenas, adoita ser por encargo de particulares ou pequenos comercios situados na zona monumental de Santiago de Compostela. Desta forma, conséntase a gran dependencia que esta ocupación ten do turismo proveniente do Camiño de Santiago.

Maquinaria, ferramentas e útiles

Os ourives utilizan para realizar a súa ocupación as seguintes máquinas e útiles:

- Ácidos
- Alicates
- Aneleiros
- Balanzas de precisión
- Baños
- Bóla de agarre
- Burís
- Calculadora
- Calibres
- Cepillos
- Cera
- Cizalla
- Compás de aceiro
- Crisol
- Decapantes
- Discos de pulir
- Disier
- Esmerís
- Fresas
- Fundentes
- Goma
- Gratas
- Gubias
- Ferro de cicelar
- Fieiras
- Fornos
- Ladrillos de soldar
- Laminadores de chapa
- Laminadores de fío
- Lapis
- Lastras
- Lixas
- Limas
- Lupas manuais
- Martelo
- Mazos de goma
- Mesa de engastador dotada de torno eléctrico
- Microscopio
- Oxidación
- Paos de medidas
- Papel
- Pedra de afiar
- Pinzas
- Pulidoras
- Regras
- Segueta
- Soprete
- Tacos de madeira
- Trade
- Cribos
- TASS (zafra de prateiro)
- Tesoiras
- Torno
- Trefiadores
- Útiles de xemoloxía

Ámbito de desenvolvemento

A ocupación de ourive desenvólvese na súa totalidade na ourivería non automatizada ou tradicional.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

Na actualidade, a ocupación de ourive está localizada, principalmente, na área de Santiago de Compostela e municipios limítrofes, cunha baixa representatividade no resto da comunidade. Así mesmo, dentro de Santiago de Compostela os ourives sitúanse, principalmente, na zona monumental da cidade, xa que esta ocupación, aínda que desenvolvida en talleres, adoita contar cun pequeno comercio no que vender as pezas producidas.

A causa da idade avanzada dos ourives, na actualidade esta ocupación encóntrase nun período de crise. Aínda que, grazas aos esforzos que se están realizando, tanto desde a Asociación de Traballadores Artesáns de Obradoiros Orfebres, Xoieiros e Acebecheiros de Santiago de Compostela (mediante a realización de programas de formación) como desde a escola Mestre Mateo, estase formando unha nova xeración de ourives, o que favorecerá o recambio xeracional nos próximos anos.

4.2.15 Acibecheiro

Definición

O acibecheiro é a persoa encargada de preparar as pedras e xemas (acibeche, perlas, corais, etc.), para posteriormente encaixalas nas pezas de ourivería.

Sistemas organizativos



Fonte: Elaboración propia

Perfil da ocupación

As funcións que realiza o acibecheiro son:

- Corte
- Tallado
- Pulido
- Acabado

Hai que destacar que o acibecheiro ten unha formación tradicional en talleres, motivado pola transmisión familiar do oficio (de pais a fillos ou entre familiares), o que xerou un alto nivel de “secretismo” na ocupación, e que provoca na actualidade a paulatina desaparición do oficio, por un lado ante a falta de recambio xeracional, e por outro ante a falta de formadores cualificados.

Maquinaria, ferramentas e útiles

Os acibecheiros necesitan as seguintes máquinas e ferramentas para realizar correctamente o seu traballo:

- Burís
- Fresas
- Ferros de cicelar
- Lixas
- Limas
- Seguetas

Ámbito de desenvolvemento

A ocupación de acibecheiro desenvólvese na súa totalidade na ourivería non automatizada ou tradicional.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

Na actualidade, a ocupación de acibecheiro está localizada, principalmente, na área de Santiago de Compostela e municipios limítrofes, cunha baixa representatividade no resto da comunidade. Así mesmo, dentro de Santiago de Compostela os acibecheiros sitúanse, principalmente na zona monumental da cidade, xa que esta ocupación, aínda que desenvolvida en talleres, adoita contar cun pequeno comercio no que vender as pezas producidas.


A causa da idade media avanzada dos acibecheiros e da falta de formadores cualificados, na actualidade esta ocupación encóntrase nun período de crise, aínda que, se as condicións actuais de comercialización se manteñen, a ocupación de acibecheiro vai ser necesaria para cubrir a demanda proveniente do turismo na zona de Santiago de Compostela.

4.2.16 Esmaltador

Definición

O esmaltador é o artesán que, sobre a peza de xoiaría, aplica óxidos metálicos e areas de sílice, para despois dun proceso de cocción en forno a altas temperaturas obter debuxos e formas sobre a xoia.

Sistemas organizativos



Fonte: Elaboración propia

Perfil da ocupación

As funcións que realiza o esmaltador son:

- Limpeza
- Aplicación de pigmentos
- Cocción da peza

A formación actual dos esmaltadores provén dos talleres (transmisión da ocupación de pais a fillos ou entre familiares) e de escolas, principalmente de fóra de Galicia (son recoñecidas a escola Massana e a Llotja, ambas en Cataluña).

Maquinaria, ferramentas e útiles

Os esmaltadores necesitan as seguintes máquinas e ferramentas para realizar correctamente o seu traballo:

- Esmaltes
- Forno
- Pinceis
- Siliconas

Ámbito de desenvolvemento

A ocupación de esmaltador desenvólvese en todas as tipoloxías de xoiaría analizadas.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

Na actualidade, a ocupación de esmaltador desenvólvese en pequenos talleres (1-3 operarios); os seus principais clientes son talleres de xoiaría que non contan con persoal especializado no esmalte, comercios de xoiaría e particulares.


En Galicia, esta ocupación está en declive debido á falta de escolas e formadores cualificados para impartir de forma correcta o oficio, así como pola aparición de técnicas e materiais que imitan os procesos de esmalte, aínda que sen lograr os acabados e calidades que se conseguen no traballo manual.

4.2.17 Gravador

Definición

O gravador é a persoa que se dedica a tallar letras, formas (liñas, curvas, etc.) e debuxos (escudos, imaxes, etc.) nas pezas de xoiería.

Sistemas organizativos



Fonte: Elaboración propia

Perfil da ocupación

As funcións que realiza o esmaltador son:

- Debuxo
- Marcación
- Realización do gravado

A formación actual dos gravadores provén dos talleres (transmisión da ocupación de pais a fillos ou entre familiares), situación que, se non se remedia, vai orixinar a desaparición da ocupación, tal e como se describe nesta análise, pois xunto coa falta de formadores cualificados está a progresiva aparición de máquinas de gravado que realizan o traballo cun un menor custo e tempo.

Maquinaria, ferramentas e útiles

Os gravadores necesitan as seguintes máquinas e ferramentas para realizar correctamente o seu traballo:

- Bruñidores
- Burís
- Lixas
- Limas
- Limatóns
- Pedra para afiar burís

Ámbito de desenvolvemento

A ocupación de gravador desenvólvese en todas as tipoloxías de xoiaría analizadas.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

Na actualidade, a ocupación de gravador desenvólvese en pequenos talleres (1-3 operarios); os seus principais clientes son talleres de xoiaría que non contan con persoal especializado no esmalte, comercios de xoiaría e particulares.


En Galicia, esta ocupación está en declive, e case en desaparición, ante a falta de escolas e formadores cualificados para impartir de forma correcta o oficio, así como pola aparición de máquinas de gravado que realizan o traballo en menos tempo e a un menor custo, aínda que sen lograr os acabados e calidades do traballo manual.

4.2.18 MATRICEIRO

Definición

O matriceiro é o operario especialista na talla do aceiro, xa que debe coñecer as características deste material e o seu tempero para realizar correctamente a talla de formas mediante o uso de plantógrafos.

Sistemas organizativos



Fonte: Elaboración propia

Perfil da ocupación

O matriceiro encárgase de reproducir nun bloque de aceiro o modelo de escaiola, para obter o molde do que se obterán as pezas de xoiería.

Na actualidade, a formación dos matriceiros é interna nos talleres ante a falta de programas formativos específicos para esta ocupación.

Maquinaria, ferramentas e útiles

O matriceiro desempeña a súa ocupación co uso do plantógrafo.

Ámbito de desenvolvemento

A ocupación do matriceiro desenvólvese unicamente na xoiería automatizada.

Situación da ocupación en Galicia e tendencias

Na actualidade, a ocupación de matriceiro desenvólvese nos talleres de xoiería automatizada, cunha baixa implantación en Galicia, situación que se manterá nos próximos anos se non se desenvolven proxectos empresariais nesta tipoloxía de xoiería.

4.3 CONCLUSIÓNS

CONFIGURACIÓN OCUPACIONAL

- Na actualidade, os talleres de xoiería contan cunha especialización de tarefas moi baixa, o que orixina a falta de operarios específicos para a realización das distintas fases do proceso. Esta situación encóntrase fomentada polos propios empresarios, xa que consideran que os operarios máis cualificados son aqueles que poden desenvolver distintas fases do proceso produtivo. Desta forma, favorécese a contratación de sacadores de lume fronte a outros operarios.
- O sacador de lume é a ocupación cunha maior representatividade nas empresas de xoiería galegas, cunha presenza do 93,3%. Isto é debido a que se considera o sacador de lume como un operario multidisciplinar, capaz de realizar diferentes fases do proceso produtivo, polo que a súa valoración é maior fronte a outras ocupacións.
- A seguinte ocupación con maior presenza é a de pulidor (40%); esta ocupación adoitan realizala operarios con menor experiencia e como paso de iniciación no seu proceso de aprendizaxe nos talleres.
- O engastador e fundidor (33,3% cada unha delas) son as seguintes ocupacións cun maior índice de presenza nas empresas; no primeiro caso, debido a que esta é unha especialidade dentro da xoiería que require de operarios cualificados para a realización das tarefas propias de engaste; no segundo dos casos, e debido á xeneralización da microfusión nas empresas, a necesidade de operarios especialistas na técnica de fundido é cada vez maior, así como a súa presenza nas empresas galegas.

- A presenza do resto das ocupacións nas empresas de xoiería é menor, motivado pola baixa especialización das tarefas, ao asumir os sacadores de lume moitas das tarefas propias das ocupacións definidas.
- Só nas grandes empresas existen operarios especialistas nas distintas fases de produción; no resto do tecido empresarial galego o habitual é a coexistencia de sacadores de lume, pulidores e engastadores.
- Detectáronse novas ocupacións que non foran localizadas no anterior estudo, ben porque no se analizaran todas as tipoloxías de xoiería en profundidade (ourive, acibecheiro e matriceiro), ou porque se desenvolveu algunha das ocupacións xa analizadas (esmaltador e decorador).
- A ocupación de compostureiro propia dos comercios de xoiería ten gran implantación sobre todo nos establecementos de medio e gran tamaño.

DESCRIPCIÓN DAS OCUPACIÓNS E POSTOS DE TRABAJO PRINCIPAIS

SACADOR DE LUME

- Como xa se comentou, a ocupación de sacador de lume é a que ten unha maior representatividade nas empresas de xoiería de Galicia.
- A ocupación de sacador de lume desenvólvese na xoiería semiautomatizada, non automatizada e na ourivería semiautomatizada. Non está presente na xoiería automatizada pola especialización que existe nesta tipoloxía de xoiería, onde non é necesario un operario que realice todas as fases do proceso produtivo.
- Esta ocupación supón o exercicio de diversas funcións (deseñar, fundir, montar, pulir, engarzar, etc.), englobadas nunha única responsabilidade: elaborar a xoia, o que implica desenvolver, con acentuada perfección, cada unha das fases do proceso de produción de xoias.

SACADOR DE LUME

- As enquisas realizadas indican que a formación ideal para o correcto desenvolvemento da ocupación é a FP de xoiaría (66,7%), seguida da realización de prácticas en talleres (41,7%).
- Desde o punto de vista dos operarios, é necesario realizar estudos de xoiaría, polo menos tres anos (o ideal son catro anos), e combinar esta formación con dous anos de prácticas nos talleres de xoiaría, para ter unha boa base como sacador de lume. Hai que indicar que as prácticas nos talleres deberán estar axustadas a un plan de estudos no que o sector estaría interesado en colaborar para a súa definición.
- O sacador de lume debe realizar a peza de xoiaría dominando tanto procesos mecánicos como manuais; por este motivo, a destreza manual (4,9) e a agudeza visual (4,7) son as aptitudes físicas máis necesarias para desenvolver correctamente a ocupación. En cambio, a forza física (2,1) e a agudeza olfactiva (1,4) non se consideran estritamente necesarias para desenvolver as tarefas da ocupación.
- Debido a que o sacador de lume necesita dominar todas as fases do proceso produtivo, o grao de desenvolvemento de actitudes e capacidades debe ser elevado; desta forma a iniciativa, creatividade, interpretación, innovación e organización son moi valoradas á hora de contratar os sacadores de lume.

PULIDOR

- A segunda ocupación cun maior índice de representatividade nas empresas galegas é a de pulidor; isto é debido, a que o pulido de pezas é un dos primeiros labores ensinados aos aprendices que entran nos talleres de xoiaría. Hai que destacar que nesta ocupación predomina a presenza de mulleres desenvolvendo o proceso.
- A ocupación de pulidor ten cabida en todas as tipoloxías de xoiaría analizadas.

ENGASTADOR

- A ocupación de pulidor é a que maior introdución experimentou nos últimos anos no tecido empresarial galego, e tanto grandes empresas como talleres de tipo medio, en calquera das tipoloxías de xoiería (salvo ourivería non automatizada), teñen persoas especializadas no pulido.
- Para o correcto desenvolvemento da ocupación de pulidor, a formación ideal sería FP (66,7%), combinada coas prácticas en talleres.

• A ocupación de engastador é unha das que ten maior especialización en Galicia, xa que existen operarios específicos no seu desenvolvemento. Desta forma, tanto dentro da empresa, como fóra dela (en talleres específicos), o engastador é unha das figuras máis cotizadas polas empresas de xoiería, debido ao valor que se lle engade á peza de xoiería nesta fase.

• Esta ocupación desenvólvese en todas as tipoloxías de xoiería analizadas.

• O número de engastadores existentes é moi reducido se se compara co volume de traballo, co que se está empezando a subcontratar este servizo a empresas de fóra da comunidade (Madrid e Cataluña principalmente) ante a falta de persoal cualificado.

• A tendencia desta ocupación indica un incremento considerable na demanda de engastadores, tendencia que vai ser complicada de cubrir debido á falta de escolas e programas formativos de calidade en Galicia, o que pode orixinar a medio prazo a desaparición da ocupación en Galicia pola derivación da oferta fóra da comunidade.

• En Galicia non existen escolas ou centros de formación formal nos que se imparta a especialidade de engaste, polo que a formación tradicional dos engastadores é a formación interna.

FUNDIDOR

- Presentada no anterior estudo como unha ocupación emerxente, incorporouse con plenitude ao tecido empresarial galego motivado pola forte dependencia que existe no proceso produtivo da técnica de microfusión.
- As súas funcións céntranse na realización do fundido dos materiais coñecendo e especializándose nas diferentes técnicas de fundido. Na actualidade esta ocupación desenvólvese nas empresas de xoiaría en proceso semiautomatizado, cunha forte implantación na comunidade, na xoiaría automatizada e na ourivería semiautomatizada.
- A aparición de novas técnicas e procesos de fundido favorecen que esta ocupación sexa unha das máis demandadas polas empresas de xoiaría.
- A formación ideal para desenvolver a ocupación sería a formal (FP), combinada coa formación en talleres ou en centros tecnolóxicos. Isto é debido a que esta ocupación sofre continuas modificacións pola introdución de novas máquinas e técnicas de fundido, así como pola introdución de novos materiais.

COMPOSTUREIRO

- Esta ocupación desenvólvese nos comercios de xoiaría, e principalmente nos de tipo medio e grande por razóns de servizo inmediato, fidelización do cliente, prestixio, etc.
- Na actualidade, o compostureiro é unha das ocupacións con maior demanda nos comercios de xoiaría, aínda que hai que destacar que moitos deles prefiren subcontratar estas tarefas a talleres independentes de compostura, debido a risco dos arranxos, pola dificultade para encontrar persoal cualificado, etc.
- A falta dun centro de formación formal especializado na compostura fai que a principal vía para a formación sexa

a interna nos comercios ou en talleres de produción, xa que unha parte dos compostureiros traballaron en empresas de xoiería.

ALISTADOR

- O alistador é unha das ocupacións con menor presenza nas empresas de xoiería, xa que as tarefas propias da ocupación, na actualidade, son desenvolvidas polo sacador de lume.
- A ocupación de alistador desenvólvese nos procesos de elaboración de xoias de forma semiautomatizada e automatizada.
- En Galicia, unicamente grandes empresas de xoiería en proceso semiautomatizado e automatizado teñen operarios que desenvolven esta ocupación.

ELABORADOR DE XOIAS

- Na actualidade, a ocupación do elaborador de xoias é asumida na súa totalidade polo sacador de lume, co que as empresas de xoiería non contan con persoal destinado a este labor, salvo nas empresas de gran tamaño.
- Esta situación ten reflexo na relativamente baixa representatividade que ten a ocupación dentro do tecido empresarial galego. Aínda que isto é certo, habería que matizar os datos obtidos, indicando que parte dos operarios considerados como sacadores de lume, en realidade son elaboradores de xoias, xa que unicamente realizan as tarefas de intermedias do proceso xeral de produción dunha peza de xoiería (montaxe, soldadura, cicelado, aplanado dos elementos dunha peza, prensado de moldes e extracción da peza, martelado e limado, etc.).
- A ocupación de elaborador ten cabida nas subactividades de xoiería semiautomatizada, automatizada e ourivería.

DECORADOR DE XOIAS

- Os labores desta ocupación son desenvolvidos polo sacador de lume, ou subcontrátase a talleres especialistas se o traballo a realizar así o esixe pola dificultade, risco, falta de cualificación dos operarios, etc.
- O decorador de xoias realiza as súas funcións e tarefas en todas as tipoloxías de xoiaría analizadas.
- A ocupación de decorador a penas está representada nas empresas de xoiaría alta, media e comercial, sendo máis común nas empresas de ourivería.
- Na actualidade, as empresas de xoiaría non contan no seu cadro de persoal con decoradores, ben porque non é rendible polo volume de traballo ou pola existencia de máquinas para realizar este proceso.
- Esta ocupación encóntrase moi influenciada polas tendencias e modas en xoiaría.

ACABADOR DE XOIAS

- Nas empresas de xoiaría, a ocupación do acabador de xoias é asumida na súa totalidade polo sacador de lume, co que os talleres non contan con persoal destinado a este labor, salvo nas empresas de gran tamaño.
- Da mesma forma que ocorría co elaborador de xoias, estes datos deben ser matizados, xa que algunhas empresas manteñen sacadores de lume que teñen como única tarefa realizar os labores de acabado das pezas (desbaste, pulido e abrillantado da peza, aplicación de baños e secado).
- A tendencia nos próximos anos indica un incremento na demanda de acabadores de xoias, motivado principalmente pola especialización do proceso de produción, así como pola introdución de novas tecnoloxías.

LAPIDARIO

- Esta é unha das ocupacións con menor representatividade en Galicia, xa que unicamente os talleres de ourivería contan nos seus cadros de persoal con operarios especializados na talla de pedras (concretamente acibeche, corais, etc.).
- Esta situación débese a que as empresas de xoiería compran as pedras e xemas coa talla xa realizada.
- Ademais, na actualidade en Galicia non existen centros de formación nos que se imparta a especialidade de lapidario, motivado polo elevado “secretismo” que existe entre os países que dominan a talla de pedras e xemas.
- Existe un crecente interese no sector pola incorporación de empresas que realicen esta ocupación, pois sobre todo na retalla da pedra de color estase perdendo parte do valor engadido que xera a xoiería ao ter que enviar a produción fóra de Galicia.
- A tendencia para esta ocupación é a continuidade coa situación actual, debido principalmente á falta de formadores cualificados nesta tarefa, xa que estes están nos Países Baixos, Israel, Rusia, A India, etc.

DESEÑADORES

- Esta ocupación é unha das máis demandadas polo tecido empresarial xoieiro, xa que se considera unha fonte de diferenciación moi importante para competir con garantías de éxito, como así ocorre noutras comunidades (Cataluña, Valencia, etc.) e países (Italia).
- Na actualidade coexisten dúas maneiras diferentes de desenvolver a ocupación de deseñador en Galicia. Nas empresas de tamaño pequeno e mediano, adoita ser o xerente ou o xefe do taller o que realiza os deseños das pezas de xoiería, mentres que nos grandes talleres cada vez é maior a existencia de deseñadores específicos de xoiería, motivado pola introdución da informática no deseño das xoias.

DESEÑADORES

- Na ocupación de deseñador teñen cabida todas as tipoloxías de xoiaría analizadas.
- A tendencia para esta ocupación é optimista, xa que nos próximos anos espérase a xeneralización do uso da informática nos talleres, así como a intensificación do nivel de rivalidade nos mercados, tanto nacionais como internacionais, o que vai obrigar a introducir elementos diferenciadores nas pezas de xoiaría, sendo un deles o deseño.

VERIFICADOR

- Só as empresas de gran tamaño teñen verificadores; no resto das empresas, é o propio sacador de lume o que verifica a peza de xoiaría ao longo do proceso de produción.
- Esta ocupación desenvólvese en todas as tipoloxías de xoiaría analizadas, ben por medio dun operario que verifica as pezas, ou polo propio sacador de lume que asume as tarefas propias do verificador.
- A tendencia para esta ocupación é a continuidade coa situación actual, salvo que se produzan cambios na lexislación ou no mercado.

TALLADOR DE CERA

- A ocupación de tallador de cera ten cabida naquelas subactividades con maior utilización de maquinaria, como son a xoiaría semiautomatizada e a automatizada, igual que na ourivería semiautomatizada.
- Na actualidade, os labores propios do tallador de cera están sendo asumidos polos sacadores de lume, ante a imposibilidade de manter operarios especializados unicamente nesta fase do proceso na maioría das empresas do tecido empresarial galego. Isto orixina a inexistencia de especialistas na talla en cera nas empresas enquisadas.

- Polo contrario, o futuro desta ocupación é optimista debido á progresiva especialización de funcións, que xa se están empezando a observar nas empresas de maior tamaño, e á xeneralización da microfusión nun gran número de empresas, o que favorece o desenvolvemento de talladores de cera.

OURIVE

- O ourive é a imaxe do sacador de lume na ourivería tradicional, é dicir, é o operario que realiza pezas de ourivería (xeralmente en prata) en todo o seu proceso, desde o seu deseño ata a súa última definición (pulido).
- A produción das pezas, normalmente series pequenas, adoita ser por encargo de particulares ou pequenos comercios situados na zona monumental de Santiago de Compostela. Desta forma, constátase a gran dependencia que esta ocupación ten do turismo proveniente do Camiño de Santiago.
- A causa da idade avanzada dos ourives, na actualidade esta ocupación encóntrase nun período de crise. Aínda que, grazas aos esforzos que se están realizando, tanto desde a Asociación de Traballadores Artesáns de Obradoiros Orfebres, Xoieiros e Acebecheiros de Santiago de Compostela (mediante a realización de cursos) como desde a escola Mestre Mateo, estase formando unha nova xeración de ourives, o que favorecerá o recambio xeracional nos próximos anos

ACIBECHERO

- O acibecheiro é a persoa encargada de preparar as pedras e xemas (acibeche, perlas, corais, etc.), para posteriormente encaixalas nas pezas de ourivería.
- Hai que destacar que o acibecheiro ten unha formación tradicional en talleres, a causa da transmisión familiar do oficio (de pais a fillos ou entre familiares), o que xerou un

ACIBECHERO

alto nivel de "secretismo" na ocupación, e que provoca na actualidade a paulatina desaparición do oficio, por un lado ante a falta de recambio xeracional, e por outro ante a falta de formadores cualificados.

- A ocupación de acibecheiro desenvólvese na súa totalidade na ourivería non automatizada ou tradicional.
- Debido á idade avanzada dos acibecheiros e á falta de formadores cualificados, na actualidade esta ocupación encóntrase nun período de crise. Aínda que, se as condicións actuais de comercialización se manteñen, os acibecheiros van ser necesarios para cubrir a demanda proveniente do turismo na zona de Santiago.

ESMALTADOR

- Esta ocupación, xa descrita en parte como decorador, recolleuse neste estudo debido ao uso por parte das empresas de xoiaría de talleres específicos para a realización dalgúns dos traballos.
- O esmaltador é o artesán que, sobre a peza de xoiaría, aplica óxidos metálicos e areas de sílice, para despois dun proceso de cocción en forno a altas temperaturas obter debuxos e formas sobre a xoia.
- A ocupación de esmaltador desenvólvese en todas as tipoloxías de xoiaría analizadas.
- Na actualidade, a ocupación de esmaltador desenvólvese en pequenos talleres (1-3 operarios), sendo os seus principais clientes talleres de xoiaría que non contan con persoal especializado no esmalte, comercios de xoiaría e particulares.
- En Galicia, esta ocupación está en declive a causa da falta de escolas e formadores cualificados para impartir de forma correcta o oficio, así como pola aparición de

técnicas e materiais que imitan os procesos de esmalte, aínda que sen lograr iguais acabados e calidades.

GRAVADOR

- O gravador é a persoa que se dedica a tallar letras, formas (liñas, curvas, etc.) e debuxos (escudos, imaxes, etc.) nas pezas de xoiería.
- Na actualidade, a ocupación de gravador desenvólvese en pequenos talleres (1-3 operarios), sendo os seus principais clientes talleres de xoiería que non contan con persoal especializado no gravado, comercios de xoiería e particulares.
- A formación actual dos gravadores provén dos talleres (transmisión da ocupación de pais a fillos ou entre familiares), situación que, se non se remedia, vai orixinar a desaparición da ocupación, tal e como se describe nesta análise, xa que unido á falta de formadores cualificados está a progresiva aparición de máquinas de gravado que realizan o traballo a un menor custo e en menos tempo.

MATRICEIRO

- O matriceiro é o operario especialista na talla do aceiro, xa que debe coñecer as características deste material e o seu tempero para realizar correctamente a talla de formas mediante o uso de pantógrafos.
- O matriceiro encárgase de reproducir nun bloque de aceiro o modelo de escaiola, para obter o molde do que se obterán as pezas de xoiería.
- Na actualidade, a formación dos matriceiros é interna nos talleres ante a falta de programas formativos específicos de xoiería para esta ocupación.
- A ocupación de matriceiro desenvólvese nos talleres de xoiería automatizada, cunha baixa implantación en Galicia, situación que se manterá nos próximos anos se non se desenvolven proxectos empresarias nesta tipoloxía de xoiería.

